

INFORME DE ACTIVIDADE

2023





4

Sobre nós

7

Especialistas en
xestión de téxtil

12

Moda de
segunda man

14

Emprego verde

16

Cooperación para
o desenvolvemento

19

Acción
Humanitaria

21

Apoio local

23

Sensibilización

Foto de portada: Unha traballadora sanitaria do programa TCE de loita
contra a VIH/SIDA de Humana en Botswana escoita atentamente mentres
un membro da súa comunidade fala dos seus hábitos de saúde.



Humana Fundación Pueblo para Pueblo xunto coas demais organizacións de Humana People to People sumámonos ao chamamento internacional para que cesen os conflitos armados, que os nenos e as persoas que máis o necesitan sexan protexidos, e que deixen de se bombardear hospitais e escolas.

A todos aqueles que teñen o poder de poñeren fin a todas estas atrocidades, pedímoslles que o fagan de inmediato.

A educación de calidade, que promove a equidade e a xustiza, segue a ser a clave para promover a paz e o desenvolvemento sostible das comunidades e dos pobos. Unha profesora de primaria do programa Necessary Teacher Training de Humana People to People India responde as dúbidas do día de tres das súas alumnas.



Todos os anos desde 1990 o **Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento PNUD** publica o seu informe anual sobre desenvolvemento humano, o coñecido como **IDH**. En 2020, o IDH reduciuse no 87 % dos países e en 2021, nun 51 %. Destas cifras podemos concluír que o impacto da COVID-19 foi máis importante que o da crise financeira de 2008, cando o IDH só se reduciu nun 20 % dos países.

Recuperados en termos xerais do impacto devastador da pandemia, o informe 2022-2023 relativo a este índice mostra que un dos principais problemas na actualidade é a **crecente desigualdade** entre os países que máis e menos teñen.

Esta crecente desigualdade ten unha vertente engadida: a **fenda social** que tamén avanza a nivel doméstico en moitos países, e que distancia aínda máis os estratos sociais máis ricos daqueles que sofren para sobreviviren.




Ao mesmo tempo, o contexto no que actuamos (aumento e empeoramento dos conflitos armados, prolongación da tendencia inflacionista, crecemento do populismo político, agravamento das consecuencias do **cambio climático**...) non convida á esperanza.

Vivimos nun período cheo de **desafíos a nivel humanitario e de desenvolvemento**. Ademais, o **contexto lexislativo** no sector téxtil é cada vez máis esixente e os obxectivos son cada vez máis ambiciosos.

Por todo isto, pedímosche que nos sigas acompañando no noso labor de **protección do medio ambiente, desenvolvemento sostible e loita contra a pobreza no marco da economía social**. Tal e como comezamos a facer en 1987, hai 37 anos.

Elisabeth Molnár
Directora Xeral





**SOBRE
NÓS**

MISIÓN

Protexer o **medio ambiente** mediante a reutilización de téxtiles e **mellorar as condicións de vida das comunidades** en vías de desenvolvemento, tanto a nivel nacional como internacional, a través de programas baseados na solidariedade, na organización activa das persoas, con especial atención á mocidade e á infancia.

VISIÓN

Mellorar as condicións de vida das comunidades máis desfavorecidas do planeta e **facilitar o seu progreso económico e social**.

O PADROADO

- **Ulla Carina Bolin** – Presidenta.
- **Joana María Badell** – Vicepresidenta.
- **Helle Nielsen** – Vocal.
- **Roger González** – Vocal.
(membro do Padroado ata setembro de 2023)
- **Karin Wallin** – Tesoureira.

Hai 37 anos que nos preguntamos, por que non converter os residuos nun recurso co que xerar progreso?



O EQUIPO DIRECTIVO

- **Elisabeth Molnar** – Dirección Xeral.
- **Jesper Wohlert** – Coordinación Xeral.
- **Silvia Pombo** – Residuos e Recuperación de Téxtil.
- **Daniel Parra** – Dirección de Operacións.
- **Noelia Gallego** – Tendas e Moda Sostible.
- **Carlos de Llanos** – Preparación para a Reutilización.
- **Carlos Otero** – Administración e Finanzas.
- **Joan Carrió** – Recursos Humanos.
- **Rafael Mas** – Comunicación e Proxectos.

TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

En 2021 a Fundación revalidou o selo **SGS ONG Benchmarking** da consultora independente SGS-Société Générale de Surveillance, obtida por primeira vez en abril de 2016.

A entidade está, así mesmo, inscrita no **Rexistro de transparencia da UE**.

Humana é unha das organizacións adheridas ao **Código de conduta para o Movemento Internacional da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella**.



TEXTIL CUNHA SEGUNDA VIDA

5.300

contedores

1.000

concellos e entidades
privadas colaboradoras



REDUCCIÓN DAS EMISIÓNS E CAMBIO CLIMÁTICO

109.472

toneladas de CO₂ deixadas
de emitir

equivalentes a

41.100

coches que circulan
15.000 quilómetros cada un ou

816.900

árbores que absorben
CO₂ durante un ano



MODA SOSTIBLE

51
tendas

7,2 M
de pezas de roupas vendidas



PROTAGONISTAS DA ECONOMÍA SOCIAL

2,7 M
de clientes na nosa
rede de tendas

2,55 M
de doadores de textil
nos nosos contedores

176.500
persoas implicadas en
proxectos de
cooperación internacional

7.396
persoas participantes en
iniciativas de apoio local
en España

719
empregados

+200
activistas nas hortas 3C

35
proxectos de cooperación
en **14** países

498
Bonos de Axuda distribuídos





As nosas plantas de preparación para a reutilización en Leganés suman máis de 10.000 m² dedicados á xestión téxtil e un equipo de 200 persoas.

**ESPECIALISTAS
EN XESTIÓN DE TÉXTIL**



Humana é un dos principais actores da recollida selectiva, transformación e comercialización de téxtil de segunda man en España no marco da economía social, cunha media anual de 18.000 toneladas de roupa recuperadas.

E como actor relevante que somos, seguimos con especial atención o desenvolvemento lexislativo e regulamentario promovido dende a UE, co **1 de xaneiro de 2025** como data clave. A partir dese día a recollida selectiva da fracción téxtil será obrigatoria en todos os concellos da Unión.

O desenvolvemento presente e futuro desta xestión e dos operadores que participan nela está marcado polo **Pacto Verde Europeo** e a **Estratexia Europea para os Téxtiles Sostibles**. Neste contexto, é fundamental revisar a **Directiva Marco sobre Residuos**, que establece os conceptos básicos da xestión de residuos téxtiles na UE. Esta revisión supón un avance importante, pero hai aspectos nos que cómpre ser máis preciso.

Humana acolle con satisfacción que no marco da Estratexia Europe se vaian establecer, **sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (RAP)**, cos que promover normas e obxectivos comúns nos estados da UE. Isto debería levar a un menor impacto ambiental ao final da vida útil dos téxtiles, unha menor xeración de residuos e a un aumento da recollida, reutilización e reciclaxe no mercado interior europeo. Humana está aberta á colaboración con todos os actores da cadea de valor coa fin de promover os **SCRAPs**, e achegar experiencia e amplo coñecemento técnico. Por este motivo, a Fundación é socio colaborador do **Observatorio Téxtil e Moda**, creado coa **Confederación Moda España** e o **Consello Intertextil Español**.

Ver documento de posicionamento ao respecto.


O obxectivo sempre debe ser determinar o destino de cada peza de forma adecuada, tendo en conta que o **seu valor económico e ambiental é maior no caso da reutilización**. Se as prendas son seleccionadas adecuadamente, conforme, ademais, aos criterios actuais do mercado, podemos afirmar que os xectores impulsamos un **modelo circular para a moda**, que permite prolongar o seu ciclo de vida.

O actual modelo imperante nalgúns concellos fai tamén que o propio labor de xestión téxtil se converta nun vehículo de **desenvolvemento económico local**.

Humana, ao mesmo tempo, segue traballando en marcos e iniciativas máis avanzadas cos seus colaboradores privados, integrando a recollida selectiva de téxtiles nos seus plans de xestión de residuos e nos seus programas de responsabilidade corporativa. Neste sentido, destacan accións como a desenvolvida xunto coa rede de tendas **Pepco** en doce das súas tendas de Madrid, a través de puntos de información e recollida de téxtil para fomentar a segunda vida da roupa.

En outubro, no marco da Municipalia Fira Internacional d'Equipaments i Serveis Municipals, organizada en Fira de Lleida, Humana entregou os Premios Humana Circular.

Os premios Humana Circular distinguen aqueles municipios que destacan na xestión sostible dos residuos, economía circular e desenvolvemento sostible, co **Ajuntament de Barcelona** neste caso á fronte. No evento participaron dous representantes do **Pacte per a la Moda Circular**, cuxa presentación espertou grande interese dos alcaldes presentes. En outubro, participamos nas **XXX Jornadas Técnicas de ANEPMA**, celebradas en Carmona (Sevilla).



En España, tendo en conta que a xestión dos residuos é competencia municipal, defendemos que a **licitación pública** sexa a fórmula fundamental á hora de adjudicar este servizo. O problema é que nalgúns comunidades autónomas se observa que esta circunstancia non se está a dar, xa que o número de licitacións é reducido.

Estas licitacións deberán incluír uns **pregos moi ben elaborados**, con criterios homoxéneos e precisos, baseados en sólidos criterios técnicos e ambientais, ademais de teren en conta a **Xerarquía de Residuos da UE**.

Garantir a rastrexabilidade dos residuos é fundamental, e neste contexto a reutilización é a clave para obter o seu máximo aproveitamento mediante o tratamento e preparación dos residuos realizados de forma impecable.

O coñecemento acumulado durante estes 37 anos de actividade demostra que se se trata de maximizar o potencial de reutilización das pezas de roupa, a clave segue sendo un equipo especializado con experiencia na clasificación manual de residuos, prenda por prenda.

É certo que seguimos traballando en proxectos de tecnificación, aplicación de **tecnoloxía** e, anticipándonos ao futuro, de **intelixencia artificial** na recollida e tratamento de téxtiles. Pero todo isto debe ser compatible coa **xeración de emprego de calidade**. O valor segue e seguirá a estar nas persoas.

Aínda que se mantén o foco na reutilización, Humana continúa explorando, xunto con socios especializados, diversas solucións no ámbito da reciclaxe téxtil. Un exemplo é o proxecto que aínda hoxe está en vigor, posto en marcha por **Col&Bri (Coleo)** e cofinanciado pola **Generalitat de Catalunya** a través da **Axencia Catalá de Residuos**. Baséase na realización dunha proba piloto industrial de aproveitamento e tratamento do residuos post-consumo para transformalo nun produto acabado en substitución do algodón virxe.

Por outra banda, Humana realizou melloras nas súas instalacións de Leganés para optimizar o almacenamento na planta. Ao mesmo tempo, perfeccionou o software para controlar os procesos de preparación para a reutilización do téxtil desta mesma planta. Todo con fondos de recuperación **NextGenerationEU** a través da correspondente convocatoria da **Comunidade de Madrid**.

A mediados de 2023, seis expertos do **Joint Research Centre of the European Union** coñeceron polo miúdo o traballo que facemos en Leganés a nivel de xestión téxtil, seguindo un modelo compartido co resto de membros de **Humana People to People**. En abril, recibimos, tamén en Leganés, a visita de **César Luena**, parlamentario europeo e, naquel momento, vicepresidente na **Comisión de Medio Ambiente, Saúde e Seguridade Alimentaria**.

Humana é membro fundador da **Asociación de Centros e Servizos de Reutilización de Cataluña ARECA** e forma parte do **Clúster de Residuos de Cataluña**.




Visitas como a de César Luena, parlamentario europeo e nese momento vicepresidente da Comisión de Medio Ambiente da UE, demostran o interese que a xestión de téxtil esperta entre os lexisladores á hora de seguir avanzando nun modelo circular para o téxtil.



EN ESPAÑA	NO MUNDO	
Protección Ambiental	Educación e Inserción Laboral	Asistencia e Emerxencia
Apoio Local	Agricultura e Desenvolvemento Rural	Fortalecemento Institucional
3C Cultivemos o Clima e a Comunidade Agricultura Social e Urbana	Desenvolvemento Comunitario	Asistencia e Soporte Técnico
Tecidos Educativos Sensibilización	Saúde e Enfermidades Contaxiosas	Acción Humanitaria
	Adaptación e Mitigación ao Cambio Climático	

Distribución do Téxtil Procesado



9 de cada 10 pezas de roupa que pasan polas nosas plantas teñen unha segunda vida a través da reutilización ou reciclaxe.



O mercado téxtil de segunda man ten carácter global. A comercialización de artigos de calidade a prezos accesibles nos países de África subsahariana é un compoñente esencial para manter o equilibrio deste mercado, satisfacer a demanda existente e consolidarse como un factor de dinamismo a nivel económico, social e cultural.

Un exemplo é o de Mozambique, país ao que exportamos roupa de calidade dende España, a través de **ADPP Mozambique**, socio local da Fundación e tamén membro de **Humana People to People**. O destino é a planta de clasificación do noso socio local en Beira, onde se procesa de novo o téxtil, con dúas saídas principais: as propias tendas de ADPP, ou pequenos comerciantes, que poñen o produto á venda nos mercados locais.

A planta de Beira dá traballo a máis de 160 persoas. Así mesmo, calcúlase que entre 14.000 e 15.000 persoas viven do seu propio negocio de compra e venda de roupa e calzado de segunda man, aprovisionándose nas instalacións de Beira. Polo menos **3 millóns de persoas**, principalmente de zonas rurais, **poden acceder a estes artigos**.

Este proceso **xera emprego e riqueza a nivel local**. Os recursos obtidos por ADPP invístense nos propios programas de desenvolvemento das comunidades.

Ver Estudo creación de emprego no sector da roupa de segunda man en África.



Despois de comprar varios fardos de téxtil a ADPP Mozambique, esta comerciante de roupa usada coloca os seus produtos no posto que ten nos arredores de Beira.



MODA DE SEGUNDA MAN

En 2023, as tendas Humana lanzaron unha nova imaxe acorde co momento actual de crecemento do mercado de segunda man, ao que cada vez máis se achega un público máis variado.



Moda sostible para todos os orzamentos

2023 foi, sen dúbida, o ano da moda de segunda man. Hoxe xa non se entende o comercio polo miúdo sen o alicerce da segunda man. Aínda que é certo que a venda de roupa usada segue a ser pequena en comparación co total de artigos producidos cada ano, a tendencia establecida, as proxeccións xestionadas e a onda social desatada sitúa este segmento tradicionalmente minoritario no centro de atención das principais marcas, deseñadores, medios de comunicación, lexisladores e clientes.

ThredUp e Global Data estiman que o valor do **mercado mundial de moda de segunda man** ascendeu en 2023 a **270.000 millóns de dólares**. En 2027, podería alcanzar os 350.000 millóns de dólares.

Proba da importancia deste segmento é que os xigantes mundiais da moda lanzaron ou están a piques de lanzar as súas propias plataformas de segunda man. Baixo nomes suxestivos como pre-loved ou pre-owned, trátase, simplemente, de moda de segunda man impulsada por diversas motivacións: sustentabilidade, circularidade, oportunidade de negocio, resposta a unha demanda crecente, etc.

Neste sentido, o comportamento da cidadanía ten moito que dicir: aumenta o número de persoas que compran de segunda man, teñen unha franxa de idade moito máis ampla –dende as xeracións Zeta e Alpha –e posúen un desexo común: mercar mellor e facelo dun xeito sustentable e circular e, polo tanto, respectuosa co medio ambiente. O seu obxectivo de vestir con estilo sen comprometer o planeta é posible.

A segunda man está a espertar cada vez máis interese entre marcas e entidades de todo tipo. Ocean Born Lifestyle lanzou Deadstock en 2023, unha colección baseada en residuos téxtiles preconsumo, da man de Recovo. As fotos promocionais foron feitas na nosa planta de Leganés.



A superficie media de venda ao público nas tendas abertas nos dous últimos anos é de 208 metros cadrados, un 23 % superior á superficie media das demais, nunha clara aposta por unha **experiencia de consumo amable, unha ampla oferta e maior diversidade de artigos**. Xa en 2024 inaugurouse a tenda Humana máis grande de España, na rúa Alcalá, 388, de Madrid, cun espazo que supera os 350 metros cadrados.

Humana é un membro activo do **Pacte per a la Moda Circular en Catalunya**, que agrupa máis de 100 entidades que traballan por un modelo sostible para a industria téxtil e que en 2023 cumpriu un ano de vida. A través do Pacte, a moda de segunda man volveu estar presente na **080 Barcelona**, neste caso na colección de upcycling elaborada por deseñadores e estilistas **Fermín+Gilles**. É membro tamén de **SIC Moda** e de **Moda Sostenible Barcelona**.

Neste marco, Humana deu un paso máis na súa consolidación como referente en **moda de segunda man con sensibilidade social**, ao incorporar a **nova identidade** para as súas tendas. Inclúen un novo interior máis acorde co concepto que queremos para os nosos establecementos: máis actual, con novos detalles cromáticos, un aspecto interior máis coidado, novas traseiras de caixa, cartelería e sinalética e, en xeral, **un deseño mellor**, acompañado de novas mensaxes e conceptos relativos á **sostibilidade, moda e finalidade social**. Trátase, en definitiva, de **mellorar a experiencia do cliente**.

Velaquí as premisas sobre as que se transformou a tenda de Alcalá, 171, en **Madrid**, reaberta o 24 de abril e en decembro abriu a tenda Humana Vintage en Portaferrixa, 21, en pleno epicentro da moda de **Barcelona**. Trátase, sen dúbida, do punto de venda máis emblemático da Fundación na cidade, composto por dous andares, con capacidade para 6.000 pezas de roupa.

Paralelamente, estase a levar a cabo un ambicioso programa de renovación do resto de tendas, para adaptalas ao estándar establecido con esta nova identidade. Locais como o de Alcalá, 190, en Madrid xa locen esa identidade.



Partindo duns sólidos
criterios profesionais,
seguimos promovendo
o emprego de calidade
e reforzando o
noso compromiso
coa igualdade de
oportunidades.



EMPREGO

VERDE




A reutilización como motor de empregabilidade

A economía circular e, dentro dela, a xestión de residuos e recursos, representan dous importantes motores de creación de emprego. Ocupacións que, ademais de verdes, están moi relacionadas coa economía social.

Humana xera un posto de traballo directo en España por cada 30.000 kg de téxtil recuperado, ata completar un cadro de persoal formado por **720 persoas**. Trátase dun equipo multidisciplinar, especializado e moi diverso, eminentemente feminino e que combina xuventude e experiencia.

Ao manter unha idade media de 36 anos, cada vez son máis os postos ocupados por sénior, que achegan experiencia, unha **visión global da actividade da Fundación** e coñecemento doutros sectores económicos, dada a súa traxectoria laboral previa.

Por cada 30.000 quilos de roupa e calzado que a cidadanía deposita nos nosos contedores somos capaces de xerar en España un emprego directo de calidade e 72 indirectos en África.



Atraer e reter talento para seguir crescendo

Ao longo de 2023, a organización traballou no desenvolvemento dunha **plataforma dixital de emprego**. O seu obxectivo é aumentar a axilidade na xestión dos mecanismos de selección e recrutamento e expandir a xenialidade das persoas a todos os ámbitos de actividade da Fundación. Esta plataforma xa é unha realidade e está dispoñible a través de jobs.humana-spain.org.

A **formación continua** e os plans de carreira son piares básicos para a conservación do talento. En 2023, o equipo completou un total de **5.532 horas de formación**, en aspectos moi variados: manexo de ferramentas ofimáticas, idiomas, deseño gráfico, liderado, habilidades comunicativas, prevención de riscos laborais ou cooperación humanitaria, entre outros.

Un elemento igualmente importante é a **conciliación laboral e familiar**: a 31 de decembro, 43 persoas gozaban de redución de xornada por garda legal, é dicir, o 6 % do cadro de persoal.

Ao mesmo tempo, seguimos colaborando con diversas entidades para potenciar o noso **compromiso coa igualdade de oportunidades e a inserción laboral**. Sempre co criterio de profesionalidade e xeración de valor engadido ao téxtil que nos caracteriza.

Neste sentido, colaboramos cos **Centros de Rehabilitación Laboral CRL de Ciudad Lineal e Carabanchel** (Madrid), **YMCA, Down Madrid e a Fundación Diagrama** en Madrid. En Barcelona seguimos traballando en estreita colaboración con **Aura Fundació**.

A prevención, a sensibilización e o contacto persoal seguen a ser os eixes dos nosos programas de loita contra enfermidades como o VIH/ SIDA ou a tuberculose. Un exemplo é o programa TCE/TB despregado en Namibia para combater a tuberculose.



**COOPERACIÓN PARA
O DESENVOLVEMENTO**



Xerar un impacto positivo sobre as comunidades

O noso traballo de xestión do téxtil usado ofrece un importante valor engadido: a súa capacidade para xerar recursos que se destinan a programas sociais, con especial atención aos despregados en África, América Latina e Asia. Estes fondos permiten mellorar a vida das persoas e producen cambios positivos nas comunidades.

Incidencia da Humana nos valores dos ODS:



A adaptación ás consecuencias do cambio climático é un denominador común de moitas das nosas accións de desenvolvemento, especialmente as relacionadas coa agricultura sostible e a seguridade alimentaria, coma a implementada polo noso socio local Humana People to People Laos.



Dispoñer de fondos propios dota a organización de **independencia** e unha **maior capacidade de acción**. É tamén un factor determinante para acceder a fondos externos tanto de entidades públicas, entre as que figuran a **Unión Europea** e a **AECID**, como de entidades privadas e outras fundacións.

O traballo realizado a nivel de cooperación internacional ten lugar no marco da **Federación Humana People to People**.

Trátase de iniciativas cun enfoque holístico, é dicir, cunha estratexia global que tenta lograr un impacto positivo real nos aspectos fundamentais da vida das persoas: **educación, seguridade alimentaria, saúde, dereitos humanos, xustiza e equidade**.

Neste contexto, a adaptación ás **consecuencias do cambio climático** converteuse nun denominador común de boa parte dos programas. Partindo desta premisa, as accións implementadas teñen ese carácter multidisciplinar, cun obxectivo compartido: a **loita contra a pobreza** e a mellora das condicións de vida das comunidades máis desfavorecidas.

Ao despregar estas accións de **adaptación ao cambio climático** son fundamentais os **socios locais** da Fundación,


con experiencia contrastada e gran coñecemento das necesidades e realidades das súas comunidades.

Xunto ao labor de adaptación tamén se executan, de forma ocasional, iniciativas de mitigación, como o proxecto piloto de construción de escolas baixas en carbono na provincia de Yunnan, China, que a Fundación promove desde 2020 cun grupo de entidades e o financiamento da **Unión Europea**. Durante o desenvolvemento deste programa participaron 846 escolas.

Outro aspecto clave dos esforzos de Humana na loita contra o quecemento global é o establecemento **dunha rede cada vez máis notable de colaboradores e potenciais socios**. De aí a importancia da nosa presenza activa en eventos como a **COP28**, celebrada en Dubai en decembro. Humana contou cun stand propio e organizou ata catro seminarios nos que se abordaron os retos que presenta un clima cambiante e as accións que se poden poñer en marcha para axudar as comunidades máis desfavorecidas a loitaren contra as súas consecuencias.



Os nosos proxectos no mundo en 2023



Humana trata de dar resposta, a través de diferentes iniciativas de emergencia e apoio a medio e longo prazo ás comunidades damnificadas. Un exemplo, o da imaxe, que recolle algunhas das intervencións de ADPP Mozambique tras o paso do ciclón Idai.



**ACCIÓN
HUMANITARIA**



Aplicando a nosa experiencia en cooperación ao desenvolvemento ao ámbito humanitario

Nos últimos anos, Humana aumentou os seus esforzos para apoiar as comunidades locais mediante intervencións de resposta, recuperación e redución do risco de desastres, especialmente nas zonas afectadas polo ciclón Freddy en Malawi e o ciclón Idai en Mozambique.

Nos países onde traballamos da man dos nosos socios locais, como **Mozambique, Zimbabwe, Malawi, República Democrática do Congo** ou **Belice**, a urxencia da axuda humanitaria tornouse máis evidente que nunca debido ao aumento, en frecuencia e intensidade dos desastres naturais, que afectan en maior medida as comunidades vulnerables.

Ademais, o **cambio climático** e as súas consecuencias estanse a intensificar a **pobreza**, a **inseguridade alimentaria** e a falta de acceso a recursos básicos nestas comunidades, o que aumenta a súa vulnerabilidade ante as catástrofes naturais.

Neste sentido, Humana traballa para consolidarse como un **actor relevante no ámbito da acción humanitaria**, baseándose na experiencia acumulada en desenvolvemento e iniciativas de mitigación e adaptación fronte ás consecuencias do quecemento global.

Humana e ADPP Mozambique impulsaron unha acción de resposta de emerxencia en Mozambique, despois do paso do ciclón Filipo, que involucrou 590 familias.



A Fundación tamén se basea nun **enfoque de localización**, colaborando directamente a través de organizacións locais, algo fundamental para levar a cabo a acción humanitaria de forma eficiente e eficaz.

Dentro deste novo marco de actuación e conscientes do drama humanitario derivado do **terremoto que devastou Turquía e Siria o 6 de febreiro de 2023**, atendemos o chamamento do **goberno turco** e mais do seu departamento de asistencia e emerxencia, realizado a través da súa Embaixada en España. Humana activou os **mecanismos de resposta** apropiados para que, a través do seu **modelo habitual de valorización do téxtil usado xerar os fondos necesarios** para a compra de sacos de durmir, tendas de campaña e chans illantes para 720 persoas damnificados. Todo este material chegou ao terreo o 8 de marzo.

Os participantes no programa 3C, denominados activistas, traballan en estreita colaboración cos nosos instrutores agrícolas, fomentando a adquisición de habilidades prácticas relacionadas coa horticultura e o coidado da terra.

**APOIO
LOCAL**



A economía social implantada na esfera local

Humana traballa da man dos seus **colaboradores públicos e privados** levando a cabo accións de apoio local para axudar a mellorar as condicións de vida de **familias en dificultades**.

Estas iniciativas están relacionadas coa protección e a **educación ambiental**, o apoio a **bancos de alimentos**, a asistencia a colectivos en dificultades, a **cohesión social** ou a **terceira idade**, por poñer algúns exemplos.

Son posibles grazas aos **fondos acadados coa xestión do téxtil**. Son, de igual modo, froito do compromiso adquirido coa sociedade e unha ferramenta máis da estratexia de Humana de **loita contra a pobreza** e promoción do desenvolvemento sostible no marco da **economía social**. O impacto destas accións concéntrase neste caso na nosa contorna máis próxima.



En novembro, tivo lugar en Madrid unha xornada de intercambio con activistas e instrutores do Programa 3C. O evento e a guía de boas prácticas publicada posteriormente foron posibles grazas aos fondos recadados a través da campaña de crowdfunding promovida coa axuda da Fundación Louis Bonduelle e Ulule.

Bonos de Axuda á Vestimenta

O noso **Programa de Bonos de Axuda á Vestimenta** desprégase cada ano da man de diversos colaboradores da Fundación, tanto públicos como privados, que se encargan de determinar as persoas usuarias dos propios bonos. Cun valor unitario de 30 euros, permiten **adquirir de xeito gratuíto** nas nosas tendas de roupa, calzado, complementos e téxtil para o fogar. Este sistema permite a **dignificación dos usuarios**, que poden escoller a roupa que precisan coma se fose calquera outro cliente.

En 2023 distribuíronse un total de 498 bonos de axuda a través de 21 entidades, cun valor de 14.940 euros.

3C e a agricultura urbana

Co fin de promover modelos de desenvolvemento sostible a escala local, Humana lanzou en 2014 o programa de agricultura urbana **3C Cultivemos o Clima e a Comunidade**.

A vocación de 3C é promover a **agricultura ecolóxica** e o respecto ao noso medio ambiente e unir os que desexen **crear comunidade** nun proxecto local. Por este motivo, formamos activistas en habilidades de xestión da terra, horticultura e métodos sostibles e de alto rendemento de cultivo de verduras e hortalizas.

Neste momento, en España estanse a implementar **8 proxectos 3C**, e suman **11 hortas**:

MADRID

- Daganzo
- Leganés
- Rivas-Vaciamadrid
- San Agustín del Guadalix

BARCELONA

- Ametlla del Vallès cofinanciado por **Fundación Air Liquide**
- Palau-Solità i Plegamans cofinanciado por **CAPRABO**
- Premià de Dalt
- Tordera

3C conta, así mesmo, co apoio da **Fundación Louis Bonduelle**.

+200

persoas involucradas como activistas

3.700 m²

de superficie total cultivada

22.600 m²

de zonas verdes creadas en colaboración cos concellos implicados

+12 Tn

de verduras e hortalizas producidas

170€/mes

de aforro equivalente por participante grazas á produción acadada, destinada ao autoconsumo principalmente

3C cultivemos o clima e a comunidade





SENSIBILIZACIÓN

As visitas ás nosas plantas son fundamentais no noso labor de sensibilización. Un exemplo, o paso por Leganés do IES Antares de Rivas Vaciamadrid, acompañado por estudantes do Riihimäen Lukio de Finlandia.



Altofalantes da sustentabilidade do sector téxtil

A Fundación segue a traballar no ámbito da sensibilización centrada na protección do medio ambiente ou na redución do impacto negativo da industria da moda. Para iso, xestiona cada ano un catálogo de iniciativas e accións diversas, con fin de fortalecer o coñecemento na sociedade sobre a importancia da xestión sustentable do téxtil.

O público obxectivo ao que se dirixe é moi amplo, dende a comunidade educativa, ata deseñadores de moda, empresas téxtiles e outros xestores de residuos, entre outras entidades.

Algunhas cifras do programa de sensibilización

1.135

participantes totais nas actividades de sensibilización

855

persoas participantes nos obradoiros

240

participantes nas visitas

57

obradoiros non formais desenvolvidos

44

visitas ás plantas de preparación para a reutilización

6

concellos e empresas colaboradoras involucradas



Entre as visitas, destacan as do alumnado da **Universidade de Deseño e Tecnoloxía UDIT Madrid** e do **IES Antares** de Rivas Vaciamadrid. Neste segundo caso, acudiron a Leganés acompañados de alumnado do **Riihimäen Lukio de Finlandia**, integrantes do programa europeo Erasmus. Posteriormente, durante a estadía do alumnado do IES Antares en Finlandia, tamén visitaron as instalacións do noso socio **UFF Finland**.

O equipo de Humana, ao mesmo tempo, deu un novo paso adiante ao participar activamente en foros, seminarios e outros eventos coa fin de difundir e incidir en aspectos como a importancia da segunda vida da roupa ou da moda de segunda man. Dous exemplos son a conferencia **Close the Loop**, celebrada en Madrid no marco da **Circular Sustainable Fashion Week CSFW** ou a conferencia sobre o panorama do residuos téxtil en España da **Cámara Oficial de Comercio de Zaragoza**.

En ocasións, a participación nestes actos supera os ámbitos da xestión de residuos ou da moda, para situarse en ámbitos máis amplos, como a sustentabilidade, o márketing verde ou a responsabilidade social. Un exemplo é o **Foro Dosis 2023** e a participación na mesa redonda Greenforce, impulsada por **Marketingdirecto.com**.

Ao mesmo tempo, seguimos apoiando proxectos culturais a nivel de vestiario, con préstamos e doazóns. A estratexia neste sentido cambiou nos últimos anos. Agora somos moito máis selectivos. Entre as accións apoiadas en 2023, sobresaen a produción cinematográfica de **Los Ilusos Films**, **'Volveréis'**, dirixida por Jonás Trueba, galardoada como **mellor película europea na Quincena de Realizadores do Festival de Cannes**.



O valor fundamental de Humana é seguir sendo unha organización por e para as persoas, capaz de transformar un residuo nun recurso co que promover a protección do medio ambiente e mellorar as condicións de vida de quen máis o necesita.

E con todo isto, seguir impulsando a economía social cunha clara influencia positiva nas comunidades e na sustentabilidade do planeta. Sempre con espírito positivo e coa firme convicción de que un mundo mellor é posible.

Imaxe do equipo da nosa planta da Ametlla del Vallés, sede da Fundación.





**37 anos traballando por un planeta
máis xusto e sostible.**

Certificados por



Acreditados por



Inscritos en



Membros de

